

XII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL MATEMÁTICA CENTROS DE SALVATERRA DE MIÑO

CURSO 2024- 2025

BASES

- 1) QUEN PODE PARTICIPAR? Alumnado do centro de calquera curso ou dos centros adscritos.
 - 2) TEMA: O tema das fotografías ten que estar relacionado co mundo das matemáticas nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, estatística , azar, etc.).
 - 3) Cada participante poderá presentar un máximo de 2 fotografías.
 - 4) PARTICIPACIÓN e PRESENTACIÓN: A forma de presentación das fotos farase enviando un correo electrónico á dirección: matessalvaterra@iessalvaterramino.edu.es Dito correo debe conter o seguinte:
 - i. Os datos do autor/a (nome e apelidos, curso).
 - ii. **Un título para a fotografía enviada así como unha breve descrición ou comentario da mesma. Este título debe reflectir a propiedade, aplicación, visión.... Matemática que x alumnx ve na foto.**
 - iii. Un arquivo adxunto que contén a foto, en formato dixital jpg cun tamaño máximo de 5Mb.
 - 5) PRAZO: O prazo de presentación é dende o 3 de febreiro ata o 2 de Maio, inclusive.
 - 6) XURADO: Composto polos membros do Departamento de Matemáticas.
 - 7) **Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título**, a calidade plástica e técnica da imaxe, o seu contido matemático e a explicación dada.
 - 8) PREMIOS: Establécense 3 premios:
 - 1º PREMIO: Un bono de 50€.
 - 2º PREMIO: Un bono de 30€.
 - 3º PREMIO*: Un bono de 20€.
- Asemade, a fotografía gañadora será a que forme parte do cartel do vindeiro concurso.**
- 9) Algún ou todos os premios poderían quedar baleiros se o xurado así o estimara.
 - 10) Un mesmo alumno/a non poderá acumular máis dun premio.

11) USO DAS IMAXES: O Departamento de Matemáticas resérvase o dereito a empregar as fotografías presentadas para usos didácticos, así como a súa divulgación a través da páxina web do instituto, ou de calquera outro medio que estime oportuno.

12) AUTORÍA DAS IMAXES: **As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas por ningún tipo de medio gráfico. O Departamento comprobará minuciosamente a autoría de todas as fotos premiadas esixindo ao alumno/a que demostre a autoría da mesma. Non se acepta tampouco, ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido.**

O Departamento de Matemáticas